



**RESOLUCIÓN DO 8 DE NOVEMBRO DE 2024 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE DECLARAN ADXUDICADAS, CON CARÁCTER DEFINITIVO, AS PRAZAS OFERTADAS NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE XANEIRO DE 2024 (DOG Nº 23, DO 1 DE FEBREIRO)**

Tras o remate dos actos de elección de prazas nas distintas categorías profesionais convocadas no procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario de grao, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, (anuncio no DOG n.º 23, do 1 de febreiro), resultaron adxudicatarios os profesionais relacionados no Anexo I desta Resolución

Esta Xerencia de de Área da Coruña e Cee, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019 do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

**RESOLVE:**

**Primeiro.**- Proceder a declarar adxudicadas as prazas relacionadas no Anexo I.

**Segundo.**- De acordo co establecido nas vixentes bases da convocatoria de mobilidade interna no ámbito do CHUAC, a data de efectos da adxudicación das prazas será a da presente Resolución.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente resolución na páxina web do Espazo do Profesional

A Coruña, 11 de novembro de 2024

Asdo. Jaqueline Fernández Nistal  
Directora de RRHH

A Coruña, 8 de novembro de 2024

O Xerente da Área Sanitaria A Coruña e Cee



Asdo.: Luis Verde Remeseiro